

## Unidade 8. Que drama!

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_



A pesar de seguiren falando, Xiao vai adormecendo... Olalla está demasiado preocupada para poder facelo...; ademais a noite é preciosa, as estrelas escintilan no ceo, son moitas... Busca a Osa Maior ou Carro... «alí está! Unha, dúas, tres, catro estrelas (o carro), cinco, seis e sete (o seu eixe); a Osa Menor ou Carriño, coa Estrela Polar nunha punta..., tamén sete estrelas, por iso son chamadas Setestrelo e Setestreliño, respectivamente; e aquelloutra constelación?, cantas estrelas ten!, unha, dúas... doce, non... quince, non... dezasete, non... dezaseis...; pero, que me pasa?; por que non as pudo con-tar?...; estanse movendo!... bah, non, imposible!, como se van mover tan rapidamente!, fano, pero durante toda a noite...; eh?, que pasa?...; si, móvense!... e forman unha figu-ra..., que é?... un cabalo, pero..., non... é un dragón..., ou non?...».

A figura configúrase paseniñamente, móvese no ceo, desprázase...

Olalla non perde detalle, nin sequera pestanexa. «Vén cara á Terra..., que é?...».

Aínda ten que pasar un pouco de tempo para decatarse de que é ese ser que se vai achegando ao noso planeta... «Un cabalo con ás!».

Si, un gran cabalo alado voa pausadamente na noite.

Aterra na mesma fraga na que dormen os dous amigos, ainda que durmir, durmir... soamente o fai Xiao.

A rapaza érguese cun só pensamento na súa mente: «Teño que encontralo». E, sen facer ruído, bota a andar cara a onde cre que pousou.

Camiña un anaco... Chega a un claro do bosque; o animal pace alí tranquilamente. Olalla, abraiada, óllao; e queda apoiada nunha árbore. É moi fermoso!..., ten as ás pregadas sobre o corpo.

El, erguendo a cabeza, míraa.

Ela asústase: «Víume».

—Que fai unha nena aquí a estas horas?

—Eu... —case non pode responder— eu viña verte...

—Víchesme descender?

—Si.

—E que facías esperta?

—Pensaba en cousas.

Vai collendo confianza e achegándose a el.

—Para que baixaches?

—Fágoo ás veces, dou unha volta pola Terra, miro como seguen as cousas, e, ao abrente, cando marchan as estrelas, voume con elas.

Ela pensa: «Si, claro, é lóxico que marche coas estrelas».

—Pódese saber en que pensabas para non durmir?

—En como imos solucionar Xiao e mais eu o do martiño peixeiro... E, de paso, contaba estrelas: unha, dúas, tres...

Lourdes MACEIRAS

## **Unidade 8. Que drama!**

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### **1. Contesta.**

- Como se chama o personaxe que está pensando?

\_\_\_\_\_

- Cal é o personaxe que está durmido?

\_\_\_\_\_

- Por que Olalla non pode rematar de contar estrelas?

\_\_\_\_\_

- Que particularidade tiña o animal co que fala Olalla?

\_\_\_\_\_


- Como se chaman estes animais mitolóxicos?

\_\_\_\_\_

### **2. Cal é a diferenza entre unha fraga e un bosque?**

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

### **3. Elabora un debuxo dun bosque e outro dunha fraga nos que se vexan as súas diferenzas.**



## **Unidade 8. Que drama!**

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### **4. Nas seguintes oracións hai castelanismos e vulgarismos. Clasificaos.**

- Ela levaba un vistidiño moi bunito.
- A este coche non lle funcionan os frenos.
- Para chegar a miña casa tes que pasar polo callexón.
- Quedei pechado no elevador e case morro de clastrofobia.
- Dásme o número do teu pai?
- Ese restaurante queda moi lexos.

Vulgarismos	Castelanismos

### **5. Corrixe agora os vulgarismos e castelanismos anteriores.**

---

---

---

### **6. Escolle a palabra correcta de cada parella.**

solo-só

baleiro-vacío

astilleiro-estaleiro

lexos-lonxe

pobo-vila

despacio-amodo

### **7. Agora escribe unha oración con cada palabra que escolliches.**

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

## **Unidade 8. Que drama!**

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### **8. Volve ler a lectura do inicio da unidade e copia o diálogo directo que atopes.**

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

### **9. Escribe unha conversa cun amigo na que utilices o diálogo directo.**

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---